

PREGUNTA DE AER SOBRE A REUBICACIÓN DAS ASOCIACIÓN CON SEDE NAS ANTIGAS CASAS DOS MESTRES E NO MULTIUSOS DA XUNQUEIRA, (Rex. Entrada 02.05.2017, 2017-E-RC-6.307).

PLENO 03 MAIO DE 2017. ACTA 05/2017

“-Visto que diversas asociacións teñen que deixar de ocupar as casas dos mestres da Avda. Mendiño de xeito inmediato pola realización de obras.

-Tendo constancia que a diversas entidades que comparten local no Multiusos da Xunqueira (onde contan con material para o correcto desenvolvemento das súas actividades, de claro interese xeral) se lles deixou sen acceso temporalmente nunha situación de incerteza.

-Tendo en conta o carácter sen ánimo de lucro das entidades ás que facemos referencia.

En virtude do anteriormente exposto realizamos a seguinte pregunta:

Que solucións se lle vai dar, de cara a súa reubicación, ás entidades que se atopan nas antigas Casas dos Mestres da Avda. de Mendiño que se están vendo obrigados a desalojar, e máis ás entidades sitas no Multiusos de Redondela, ás que o goberno local lles privou do local temporalmente que viñan empregando para as súas actividades? En que prazo se vai materializar a solución de dotar unha ubicación estable a estas entidades?”

A concelleira AMOEDO DASILVA resposta que tivéronse xuntanzas previas con todos os colectivos e se lles explicou para amosar o interese do goberno de rehabilitar as vivendas e se puxo de manifesto que se fixera para ocupación temporal. Explicouse de xeito claro e conciso que poderían usar o Multiusos para o que precisasen, pero que os espazos tiñan que ser compartidos con outros colectivos, non pode deixarse a un único colectivo. E aos que tiñan material se lles puso a disposición a biblioteca para que se consultase ese material. Recibirán unha comunicación formal.